

**AXUDAS AOS INVESTIMENTOS EN  
TRANSFORMACION E  
COMERCIALIZACION  
DE  
PRODUTOS AGRARIOS  
CONVOCATORIA 2018**

## BASE LEGAL

- **Orde do 18 de decembro de 2017**, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios do período 2014-2020 cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e se convocan para o exercicio orzamentario de 2018.
- *(DOG do 12 de xaneiro de 2018)*

## INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

- Creación, ampliación e modernización das instalacións situadas en Galicia destinadas á transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, considerando como tales os **produtos enumerados no anexo I do Tratado**. Así mesmo, poderán subvencionarse investimentos relativos a procesos de transformación nos que interveñan produtos non incluídos no Anexo I do Tratado, se estes son un **compoñente menor do produto final**. Considerarase que son un **compoñente menor cando a cantidade ou valor económico total dos mesmos non supere o 25% do peso ou valor económico total do produto final**.
- Os produtos finais poderán estar incluídos no anexo I do Tratado ou non. Considerarase que os produtos finais son produtos agrarios cando **a totalidade dos mesmos estean incluídos no anexo I do Tratado**.

## INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

### TIPOS DE GASTOS SUBVENCIONABLES:

- a) Construción, adquisición e mellora de bens inmobles. A compra de terreos ata un valor **inferior ao 10%** do total dos gastos subvencionables.
- b) Compra de maquinaria/ equipamentos novos, ata o seu valor de mercado.
- c) Investimentos intanxibles: adquisición ou desenvolvemento de programas informáticos así como adquisicións de patentes, licenzas, dereitos de autor e marcas rexistradas relacionadas cos procesos produtivos.
- d) Os custos xerais vinculados aos apartados a) e b) anteriores consistentes en honorarios de proxecto e dirección de obra, así como en estudos de viabilidade.  Tope 12% de a) + b) + c) .

## **INVESTIMENTOS NON SUBVENCIONABLES**

- a) Os proxectos nos que o importe total dos investimentos subvencionables sexa inferior a 60.000€.
- b) No sector vitivinícola os investimentos relativos aos produtos descritos na parte XII do anexo I do Regulamento UE nº 1308/2013 do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo aos produtos amparados polos programas de apoio no sector vitivinícola, xa que poden ser subvencionados a través deses programas específicos.

## AXUDAS MAXIMAS

Tipos de <u>produtos</u> <u>finais</u>	Tipo de empresa solicitante			
	Microempresas e Pequeñas empresas	Empresas Medianas	Empresas Pemes	non
Incluídos na súa totalidade no Anexo -I- do Tratado	50%	50%	50%	
Non incluídos na súa totalidade no Anexo-I-do Tratado	30%	20%	10%	

## REQUISITOS ADICIONAIS: CONDICIÓ DE NON INICIO

- Non se concederán axudas a investimentos iniciados con anterioridade á presentación dunha solicitude de axuda. A estes efectos, considerarase como inicio do investimento a data na que se produza, en primeiro lugar, ben o inicio das obras de construción relativas aos investimentos, o ben o primeiro compromiso xuridicamente vinculante para realizar un pedido de equipamentos ou servizos ou calquera outro compromiso que faga irreversible o proxecto.
- A compra de terreos así como os gastos sinalados no apartado 4.d) do artigo 3º desta orde non será considerado como inicio do investimento sempre que se iniciasen con posterioridade ao 18 de novembro de 2015.

## REQUISITOS ADICIONAIS

- Non se concederán axudas a investimentos en construción de **novas superficies cubertas** ou ampliación das existentes, nin a os seus investimentos relacionados, se non se acredita coa solicitude e nos prazos establecidos da dispoñibilidade da licenza de obras correspondente que lle permita iniciar as obras. **Así mesmo, no caso de novas instalacións, deberase acreditar coa solicitude a dispoñibilidade do terreo ou recinto no que se van a realizar os investimentos.**



## REQUISITOS ADICIONAIS: MODERACION DE CUSTOS

- Para todos os gastos incluídos na solicitude de axuda deberase solicitar como **mínimo tres ofertas** de diferentes provedores con carácter previo á contratación, e presentar coa solicitude de axuda. **Excepcionalmente**, no caso de conceptos subvencionables que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren, a moderación de custos poderá xustificarse alternativamente mediante un **informe dun taxador**, perito ou dun organismo público autorizado no que figure o seu valor de mercado ( → *compra de terreos/edificaci3ns*)
- A elecci3n entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía e debe **xustificarse expresamente nunha memoria a elecci3n**, baseada nos criterios sinalados, cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. No caso de non ser así, considerarase como importe máximo subvencionable para ese concepto o correspondente á proposta económica máis vantaxosa.

## MODERACION DE CUSTOS: REQUISITOS DAS TRES OFERTAS

- 1.- Deberán proceder de **empresas que teñan como obxecto social o IAE a fabricación ou subministro dos bens ou servizos incluídos na oferta**, salvo na compra de terreos e edificacións.
- 2.- **Non poderán proceder de empresas vinculadas entre elas, nin co solicitante**, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público.
- 3.- **Cada oferta deberá incluír como mínimo** o NIF, nome e enderezo da empresa oferente, o nome ou razón social da empresa solicitante da axuda, a data de expedición e unha descrición detallada dos conceptos ofertados.

Para que a descrición dos conceptos se considere detallada deberá incluír no caso de obra civil e instalacións a relación pormenorizada e cuantificada das unidades de obra que inclúe, no caso de subministro de maquinaria e equipamentos a súa marca, modelo así como características técnicas, e no caso de prestación de servizos a descrición detallada destes.

## COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

1. Estas axudas son **compatibles** con calquera outra para o mesmo fin sempre que a suma total das axudas concedidas, incluídas as de mínimos, **non supere as porcentaxes de axuda indicadas no apartado 2 do artigo 4º desta orde.**
2. Estas axudas son en todo caso **incompatibles con calquera outras para o mesmo fin se teñen financiamento parcial ou total do Feader ou doutros fondos da Unión Europea, así como con calquera outro instrumento financeiro comunitario.**

## PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude é dun mes a partir do día seguinte ao de publicación da convocatoria de axudas.

**Finaliza o día 12 de febreiro.**

**AXUDAS AOS INVESTIMENTOS EN  
TRANSFORMACION E  
COMERCIALIZACION  
DE  
PRODUTOS VITIVINICOLAS  
CONVOCATORIA 2018**

## BASE LEGAL

- *Orde do 28 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para os investimentos para a elaboración e comercialización de produtos vitícolas para o período 2019-2023, financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga), e se convocan para o exercicio orzamentario de 2018.*
- *Publicación prevista no DOG do 26 de xaneiro de 2018*

## INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

- 1. Investimentos directamente destinados á produción de produtos vitivinícolas (dende a transformación da uva ata o embotellado, ou envasado, e etiquetado do produto vitivinícola na adega).
- 2.- Investimentos directamente relacionados co control de calidade
- 3.- Investimentos directamente relacionados coa comercialización de produtos vitivinícola
- 4.- Investimentos directamente relacionados con usos administrativos e/ou xerais
  
- Non son subvencionables os investimentos relativos a enoturismo.

## INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

### TIPOS DE GASTOS SUBVENCIONABLES:

a) Construción, adquisición e mellora de bens inmobles. *A compra de terreos non é subvencionable.*

b) Compra de maquinaria/ equipamentos novos, ata o seu valor de mercado.

c) Os custos xerais vinculados aos apartados a) e b) anteriores consistentes en honorarios de proxecto e dirección de obra, así como en estudos de viabilidade.

Tope 8% de a) + b) .

d) Adquisición ou desenvolvemento de programas informáticos así como adquisicións de patentes, licenzas, dereitos de autor e marcas rexistradas relacionadas cos procesos produtivos.



## AXUDAS MAXIMAS

Tipo de empresa solicitante		
<b>Microempresas, Pequenas e Medianas empresas (Pemes)</b>	<b>Empresas non Pemes con menos de 750 empregados ou cuxo volume de negocios sexa inferior a 200 mill. €</b>	<b>Empresas non Pemes con 750 ou máis empregados e cuxo volume de negocios sexa igual ou superior a 200 mill. €</b>
<b>40%</b>	<b>20%</b>	<b>10%</b>

## REQUISITOS ADICIONAIS: MODERACION DE CUSTOS

- Para todos os gastos incluídos na solicitude de axuda deberase solicitar como **mínimo tres ofertas** de diferentes provedores con carácter previo á contratación, e presentar coa solicitude de axuda.
- A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía e debe **xustificarse expresamente nunha memoria a elección**, baseada nos criterios sinalados, cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. No caso de non ser así, considerarase como importe máximo subvencionable para ese concepto o correspondente á proposta económica máis vantaxosa.

## MODERACION DE CUSTOS: REQUISITOS DAS TRES OFERTAS

- 1.- Deberán proceder de **empresas que teñan como obxecto social ou IAE a fabricación ou subministro dos bens ou servizos incluídos na oferta**, salvo na compra de edificacións.
- 2.- **Non poderán proceder de empresas vinculadas entre elas, nin co solicitante**, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público.
- 3.- **Cada oferta deberá incluír como mínimo** o NIF, nome e enderezo da empresa oferente, o nome ou razón social da empresa solicitante da axuda, a data de expedición e unha descrición detallada dos conceptos ofertados.

## SISTEMA DE SELECCIÓN DE SOLICITUDES

- 1.- As solicitudes que cumpran os requisitos da convocatoria valoraranse conforme aos criterios de selección establecidos na Orde. A Consellería elaborará unha lista coas solicitudes priorizadas por puntuación que enviará ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente
- 2.- A Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural establecerá a lista definitiva de solicitudes aprobada en cada convocatoria mediante a aprobación das mellores solicitudes de cada comunidade autónoma, en función do orzamento dispoñible e das solicitudes presentadas en todas as comunidades autónomas.
- 3.- En todo caso, non se aprobarán solicitudes que non teñan unha puntuación mínima de 20 puntos.

## COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Estas axudas son **incompatibles con calquera outras para o mesmo fin, así como con calquera outro instrumento financeiro comunitario.**

## PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude é dun mes a partir do día seguinte ao de publicación da convocatoria de axudas.

**Finalizará previsiblemente o día 26 de febreiro.**

**GRAZAS**  
**POLA SÚA ATENCIÓN**